

MEMORIA EDUCACIÓN FÍSICA CURSO 2023-24

1.- ESPAZO

Os espazos dispoñibles para o desenvolvemento das sesións de Ed. Física son:

- Pista cuberta 40 x 20 m.

- Ximnasio 25 x 12 m.

- En ocasións tamén se empregou a aula para desenvolver algúns contidos máis teóricos: deportes do mundo, primeiros auxilios, etc.

2.- ACTIVIDADES

Todas as actividades da área de Educación Física foron desenvolvidas na pista deportiva e no ximnasio. As actividades teñen un carácter eminentemente práctico e procuran a participación activa do alumnado o maior tempo posible das sesións. Empregouse o xogo como elemento central da aprendizaxe, combinando xogos competitivos con outros cooperativos. Os contidos estruturáronse en unidades didácticas de 8-10 sesións, nas que se progresaba de actividades de presentación e adaptación (con exercicios e xogos máis simples, centrados na aprendizaxe técnica) a actividades máis dinámicas e específicas

(xogos máis complexos e similares ao xogo real). Alén do desenvolvemento curricular correspondente a cada curso, outras actividades que se desenvolveron na área de Educación Física foron:

- Plataforma DAFIS: Desde hai dous cursos, o noso centro participa nesta iniciativa na que se pasa ao alumnado unha batería de tests físicos antropométricos e condicionais. Os datos recollidos permiten ter unha valoración do estado físico do alumnado.

- Actividades XOGADE: Participamos nas actividades desenvolvidas polo Servizo de Deportes da Xunta, en diferentes actividades:

- Campo a través: Todo o alumnado de 2º a 6º de Ed. Primaria participa na proba local de Campo a Través organizada polo Servizo de Deporte Escolar, neste curso desenvolveuse no alto de San Cosme.

- Atletismo en Pista: O curso de 4º de Primaria participou na competición local desenvolvida no IFEVI.

- Hip Hop: O curso de 5º de Primaria participou na actividade de Hip Hop desenvolvida no noso centro durante 3 -4 sesións.

- Voleibol: O curso de 3º de Ed. Primaria participou nas competicións locais desenvolvidas no IFEVI.

- Atletismo: Impartiuse unha UD de atletismo na escola unha UD de habilidades atléticas para 2º de Ed. Primaria.

- Outras actividades:

- Loita olímpica: Recibimos a visita dunha ex alumna que impartiu para todos os cursos de Ed. Primaria unha sesión de loita.

- Fútbol Gaélico: O curso de 6º formou un equipo de fútbol gaélico que participou en dúas competicións, unha de ámbito galego xunto a outros 5 centros de Boqueixón, Toén, Santiago e Vigo (Pre-Féile) desenvolvida en Boqueixón o 23 de marzo. A segunda competición foi de ámbito europeo, participando equipos de Francia, Suíza, Alemania e Bélxica. (Féile) e desenvolveuse en Vigo o 27 de abril. Tamén o 24 de maio desenvolveuse no centro unha sesión de fútbol gaélico para 5º e 6º de Primaria impartidas por Gearoid Balfry, adestrador e responsable deportivo da rexión de Munster en Irlanda e por Alexandre Sanmartín, adestrador da selección masculina galega de fútbol gaélico.

3.- RECURSOS

Empregáronse como recursos:

- Os materiais específicos: Balóns de balonmán, voleibol, baloncesto, fútbol gaélico, balóns de espuma; colchóns; espaleiras; cordas; aros; pelotas de tenis; petos; rochódromo.
- Encerado
- Materiais audiovisuais: Actuacións deportivas, deportes alternativos, primeiros auxilios.

4.- CURRÍCULO

Organizáronse os elementos curriculares en torno aos contidos seleccionados na programación para acadar os obxectivos de etapa e desenvolver as competencias clave. A plataforma DAFIS serviu como parte da Avaliación inicial do alumnado. Partindo da observación do traballo diario e da elaboración de diversas probas, a avaliación foi concibida como continúa e sumativa, tentando valorar os diversos aspectos do proceso de aprendizaxe do alumnado. A organización dos grupos foi variada, respondendo ás necesidades da actividade ou dos obxectivos propostos.

5.- PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

A organización das sesións toma como eixo central a participación activa do alumnado, procurando que os tempos de espera ou inactividade sexan mínimos. Procurouse que todos os alumnos puidesen participar nas actividades, adaptándose en función das capacidades do alumnado.

Alén da execución motriz, outro dos aspectos que se valoraron foron os hábitos hixiénicos e a autonomía persoal do alumnado.

Fóra das propias sesións de Educación Física, os cursos de 2º a 6º de Ed. Primaria dispoñen dun día á semana durante o recreo da "pachanga deportiva", unha actividade voluntaria na que o alumnado pode xogar durante o recreo a diversos deportes: brilé, balonmán, bádminton, voleibol... Esta actividade está tamén regulada polo propio alumnado, encargado de arbitrar os diferentes xogos (Alumnado de 4º a 6º de Primaria.)

6.- PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E IMPLICACIÓN NO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO

As familias foron informadas das diferentes actividades deportivas organizadas por asociacións e organismos da contorna. Tamén é importante destacar a necesaria implicación das familias, especialmente nos cursos máis baixos, para que o alumnado acuda ás clases co material necesario: roupa e calzado deportivo, así como o material de aseo: toalla, xabón e muda.

6.- COORDINACIÓN DO PROFESORADO

O profesorado titor dos diferentes cursos acompañou aos seus alumnos aos eventos deportivos organizados en horario escolar, como o Campo a Través, voleibol, etc.

7.- ANÁLISE DOS RESULTADOS

Os resultados obtidos foron positivos, observándose unha progresión axeitada para a consecución dos obxectivos propostos para cada curso e para a etapa educativa. É destacable a importancia que o alumnado concede aos resultados obtidos nas súas actuacións deportivas, a pesar de non ser este un criterio de avaliación que se considere importante para determinar a calificación do alumnado na área.

8.-DIFICULTADES ATOPADAS

As principais dificultades atopadas foron as relativas á traer o material necesario para as clases, xa sexa o material para a práctica deportiva ou para o aseo persoal.

Outro problema co que nos atopamos é na valoración dos datos antropométricos ao pasar a batería DAFIS. Algúns alumnos teñen reticencias a seren medidos ou pesados, a pesar de realizárense estas medicións de maneira individual e confidencial.

9.-PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO

As propostas para o próximo curso son:

- Seguir participando nas actividades de XOGADE organizadas polo Servizo de Deportes da Xunta.
- Realizar cuestionarios que permitan coñecer os intereses do alumnado relativos á área de Educación Física, de xeito que algunhas destas actividades propostas poidan ser incorporadas á programación de aula.
- Facer maior fincapé na organización por equipos para a aprendizaxe de determinadas actividades deportivas, tentando evitar que o obxectivo final sexa sempre gañar, centrándose máis no proceso de aprendizaxe do alumnado e relativizando o resultado obtido.

- Dada a positiva resposta mostrada ante a actividade de fútbol gaélico, propónse á ANPA que se oferte como actividade extraescolar no próximo curso.